# Reduce Residuos: Aforra Recursos

Reduce Residuos: Aforra Recursos. É o noso Reto, é a nosa Responsabilidade
Con pequenos xestos diarios, podemos contribuír, entre todos, a minimizar a xeración de residuos urbanos. económicos e sociais. A seguir, detallamos uns sinxelos consellos cos que reducir a produción de residuos, centros educativos, así como no propio fogar.

[1] Á hora de elixir un produto, ten en conta a súa calidade e durabilidade, así como os residuos que xeran as diferentes opcións de comercialización do mesmo.

[2] Compra os alimentos tendo en conta a súa caducidade. Planifica o teu consumo.

Reduce Residuos: Aforra Recursos. É o noso Reto, é a nosa Responsabilidade [pdf] [3]

Na compra, non compres residuos

[4] Intenta adquirir artigos que estean minimamente envoltos. Á hora de escoller entre produtos semellantes, elixe o que teña menos envases e embalaxes.

[5] Non esquezas levar o teu carro da compra ou a bolsa de lona ou tela de toda a vida, evitando así utilizar unha nova bolsa de plástico cada vez. Rexeita as bolsas que non necesites, aínda que insistan en regalarchas.

[6] Solicítalle ao dependente/a que non envolva e empaquete os produtos que compraras, a non ser que sexa imprescindible.

[7] Procura comprar artigos que poidan volver utilizarse. Lembra que os de usar e tirar incrementan a cantidade de residuos.

[8] Promove o uso de produtos que veñan en recipientes que poidan volver a encherse.

[9] Rexeita os consumibles (froitas, carnes, verduras) envasados en bandexas de plástico.

Ten por costume adquirir artigos por xunto, sen empaquetar. Pensa que o envoltorio non forma parte do produto que adquirimos

Na compra, non compres residuos

| | |
|---|---|
| [10] | e que acaba por converterse nun residuo do que nos desprendemos inmediatamente. |
| [11] | Nas bebidas e líquidos, opta por envases grandes, e se son retornables, mellor. As botellas, frascos e tarros de vidro son unha magnífica opción (o vidro é 100% reciclable). |
| [12] | Lembra que comprar en grandes cantidades non só é máis barato, senón que tamén permite reducir a cantidade de embalaxes. Ten en conta que os produtos en tarro familiar xeran menos residuos por unidade. |
| [13] | Antes de realizar a compra, fai a lista do que necesites. Deféndete ante as estratexias de venda das grandes superficies (ofertas tentadoras, compras impulsivas, etc). |

Na oficina e centros educativos

| | |
|---|---|
| [14] | Non desaproveites o papel. Usa sempre as dúas caras das follas e reutiliza as impresas por un lado para borradores, tarefas, comunicación informal, etc. |
| [15] | Dalle preferencia aos materiais con recambio. É un xeito eficaz de reducir, máis ecolóxico e económico que a utilización de materiais dun único uso.<br>Os papeis de imposible ou difícil reciclaxe (plastificados, encerados,...) só deberías empregalos cando non exista outra posibilidade menos impactante. |

Na oficina e centros educativos

| | |
|---|---|
| [16] | |
| [17] | Usa papel reciclado sempre que poidas. Isto aumentará a súa demanda contribuíndo á súa maior produción e, en consecuencia, á preservación de recursos naturais. |
| [18] | Utiliza o teu propio vaso ou taza e evita o uso de produtos de usar e tirar. |
| No fogar | |
| [19] | Usa trapos de cociña en troques de rolos de papel, e utiliza panos de algodón en troques de panos de papel. |
| [20] | Cos restos das comidas e un pouco de imaxinación, podemos preparar atractivos menús, evitando que acaben no cubo do lixo. |
| [21] | Adquire pilas recargables en lugar das convencionais. |
| [22] | Respecto das cosas que xa non usen os membros da unidade familiar, debemos procurar que alguén as reciba. Lembra que con moi pouco podes facer máis fácil a vida doutros. |

**Source URL:** http://www.sogama.gal/gl/info/reduce-residuos-aforra-recursos#comment-0

**Ligazóns**
[1] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello11.jpg
[2] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello12.jpg
[3] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/consellos-reducion-ga.pdf
[4] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello1.jpg
[5] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello2.jpg
[6] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello3.jpg
[7] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello4.jpg

[8] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello5.jpg
[9] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello6.jpg
[10] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello7.jpg
[11] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello8.jpg
[12] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello9.jpg
[13] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello10.jpg
[14] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello13.jpg
[15] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello15.jpg
[16] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello17.jpg
[17] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello14.jpg
[18] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello16.jpg
[19] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello18.jpg
[20] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello20.jpg
[21] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello19.jpg
[22] http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/fotospequenas/fotosgrandes/consello21.jpg